



# PLAN DIGITAL

## EEI FINGOI nº 2

Data de aprobación polo Consello Escolar: 28/06/2022

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

|                       |   |
|-----------------------|---|
| NOME DO CENTRO        | EEI FINGOI n.º 2  |
| CÓDIGO                | 27014033  |
| DIRECCIÓN             | Travesía Rúa Erín, 7  |
| CORREO ELECTRÓNICO    | <a href="mailto:eei.numero2.fingoi@edu.xunta.gal">eei.numero2.fingoi@edu.xunta.gal</a>                                  |
| PÁXINA WEB            | <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/eeinnumero2fingoi/">https://www.edu.xunta.gal/centros/eeinnumero2fingoi/</a> |
| ETAPAS EDUCATIVAS     | 2º ciclo de Educación Infantil  |
| NÚMERO DE ALUMNADO    | 52  |
| NÚMERO DE PROFESORADO | 6   |

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A EEI Fingoi n.º 2 é un centro público urbán, situado na zona sur da cidade de Lugo, concretamente no barrio de Fingoi. Comenzou o seu funcionamento no ano 1980, sufrindo algún cambio na súa infraestrutura en torno ao ano 2006, se ben as remodelacións e as melloras non foron significativas. Trátase dun edificio de planta baixa, dividido en 3 aulas de infantil (unha delas con baño propio), un baño para alumnado, outro para profesorado, un despacho de dirección, unha aula de A.L, unha pequena sala de profesores e un hall de entrada multifuncional (biblioteca, aula de desdobre,..). Na parte exterior dereita atopamos un espazo cuberto aberto e na parte traseira do inmovible a zona de areeiros e parque infantil.

O centro atópase nunha zona ben comunicada e dotada de recursos.

O alumnado maioritariamente forma parte da área de influencia, sendo o nivel socioeconómico das familias medio-alto.

O Plan dixital pretende a mellora e modernización dos procesos, procedementos, hábitos e comportamentos do centro e das persoas que, facendo uso das tecnoloxías dixitais, melloren a súa capacidade para facer fronte aos retos da sociedade actual. Isto redundará na mellora dun aprendizaxe competencial, na mellora da experiencia, dos resultados de aprendizaxe e nun reforzo da equidade, a cuxo servizo se supedita dita transformación. Esta transformación dixital engloba tres ámbitos de actuación: organización e xestión do centro, procesos de ensino-aprendizaxe e información e comunicación tanto interna como externa.

### Obxectivos por ámbitos de actuación:

#### Organización e xestión do centro:

- Manter actualizado o Plan de continxencia.
- Optimizar o uso de tecnoloxías de aprendizaxe dixital en espazos de aprendizaxe.
- Promover un plan de formación sobre creación de recursos e materiais dixitais.

- Participar en plans e proxectos de innovación convocados pola Consellería (o centro non dispón de experiencia previa neste tipo de proxectos).

#### Procesos de ensino-aprendizaxe:

- Adaptar espazos que faciliten metodoloxías activas con novas estratexias tecnolóxicas.
- Elaborar e implementar bancos de recursos na nube onde se integren contidos dixitais.

#### Procesos de información e comunicación:

- Fomentar o uso de sistemas de comunicación dixitais: espazo Abalar, AbalarMóbil.
- Manter actualizada a páxina web do centro.
- Fomentar a secretaría virtual para trámites habituais.

Na Programación Xeral Anual detallarase unha concreción anual do Plan dixital con obxectivos e accións a desenvolver durante o curso.

### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

O Plan dixital de centro susténtase no seguinte marco normativo:

- A LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación) recolle no seu Art. 111 bis, que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensinanza e aprendizaxe. As Administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentarase a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

As Administracións públicas velarán polo acceso de todos os estudantes aos recursos dixitais necesarios, para garantir o exercicio do dereito á educación de todos os nenos e nenas en igualdade de condicións. En todo caso, as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e os recursos didácticos que se empreguen, axustaranse á normativa reguladora dos servizos e sociedade da información e dos dereitos de propiedade intelectual, concienciando no respecto de dereitos de terceiros.

- Do mesmo xeito, no artigo 132.c) establécese como competencia da dirección do centro: exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro.
- Na Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato no curso académico 2021/22, recóllese que o Plan dixital será elaborado no presente curso 21/22 de acordo coas instrucións dictadas na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital.

#### 1.4. Proceso de elaboración

O equipo de dinamización do Plan dixital está composto pola totalidade de mestras do centro, actuando de coordinadora a directora (responsable da dinamización das tecnoloxías da información e a comunicación).

Dito equipo constitúese no primeiro trimestre do curso, sendo a primeira tarefa a realización do Test Selfie, no que participan 2 de 5 mestras e a directora (único membro do equipo directivo).

No segundo trimestre do curso procédese co Test CDD, realizado por 5 de 6 mestras e coa DAFO.

Por último, no terceiro trimestre abórdase o Plan de acción e a redación do Plan dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Por **infraestrutura dixital** enténdese o conxunto de actuacións impulsadas pola administración para dotar aos centros educativos públicos das condicións de conectividade tanto internas como externas, necesarias para o desenvolvemento do seu labor, nomeadamente:

#### Infraestructura de datos:

- Centro conectado a internet a través de: ADSL con ancho de banda 8mbps.
- Solicitado a UAC instalación de puntos wifi en distintos espazos do centro con data: 29/11/21.

#### Infraestructura de voz:

Unha centralita de voz fixa, para todo o centro, instalada no despacho de dirección, con número 982870460 e operada por Telefónica.

#### Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede.

Equipos conectados por cable:

- o Ordenador de secretaría-dirección.
- o Ordenador aula dianteira dereita.

- o Ordenador da aula multifunción (hall entrada).

Equipos conectados por wifi:

- o Ordenador aula traseira esquerda.
- o Ordenador aula traseira dereita.
- o Ordenador aula de A.L

Por **equipamento** enténdese o conxunto de dispositivos tecnolóxicos cos que conta o centro para o desenvolvemento das funcións docentes e administrativas.

#### Ordenadores de mesa:

- HP ProDesk 600 G2 MT (XUGA 2016): Secretaría- Dirección. Instalouse unha cámara web portátil con cargo a fondos propios.
- HP ProDesk 600 G2 MT (XUGA 2016): Aula multifunción. Hall entrada. A finais de curso instalaráse o Programa Meiga de Bibliotecas escolares.

#### Ordenadores portátiles:

- Portátil Pentium Windows XP (Formateado no curso actual, funciona regular. Instalado na aula traseira dereita).
- Portátil HP ProBook 6550b. Windows 7. Instalado na aula dianteira dereita. Funciona moi mal.
- Portátil HP. Windows 7. Instalado na aula traseira esquerda. Cedido por unha editorial hai bastante anos. Funciona moi mal.

Con data 22/09/21 foi solicitado equipamento informático á Inspección e UAC. Recíbese con data 30/11/21 un Portátil Acer TRavelmate P2.(XUGA 2018). Instálase na aula de AL, xa que o ordenador de mesa Dell Optiplex 745 non funciona.

Pizarras dixitais Smart Board: 3 unidades ( Aula traseira esquerda, aula dianteira dereita e aula multifuncional-hall entrada).

Cañón Optoma: 2 unidades (aula traseira dereita e aula traseira esquerda).

Cañón Benq: 1 unidade (aula dianteira dereita. XUGA 2011).

Cañón Epson EMP-83H (aula multifunción- Hall entrada).

Impresora Multifunción Brother (despacho secretaria-dirección. Funciona moi mal.

#### **Equipamento obsoleto. Non funciona.**

- DELL. OPTIPLEX 740 Windows XP (1 unidade).
- DELL. OPTIPLEX 745. Windows XP. (3 unidades).

- Pizarra dixital Promethean: 1 unidade (aula traseira dereita. Fora cedida por unha editorial hai bastantes anos).
- Impresora Lexmark E 350 d ( aula multifunción-Hall entrada. Actualmente non funciona).

No presente curso o centro presentou un proxecto ao Programa de Innovación Educativa: Polos Creativos. En dito proxecto figuraba como dotación de material para poder desenvolvelo, o seguinte:

- - 4 monitores interactivos (1 monitor por aula + 1 monitor no espazo común onde se ubica o polo creativo)
- - 1 cámara de fotografía e vídeo con trípode.
- - 1 gimbal.
- - 1 sistema de gravación de audio e radio.
- - 1 croma con equipamento de iluminación.
- - 1 robot de chan programable.
- - 1 impresora 3D

Por **servizos dixitais educativos** corporativos entendemos aqueles que facilitan a xestión docente como é o correo institucional (dominio: edu.xunta.gal), páxina web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/eeinnumero2fingoi/>) aula virtual, blogues de aula, espazo Abalar (con todas as súas funcionalidades e aplicación), Abalar Móbil e contidos educativos.

A xestión do mantemento do equipamento do centro foi solicitada á Consellería non obtendo resposta inmediata. Cando xorden incidencias que deben ser solucionadas con premura o centro contrata os servizos dun profesional externo con cargo a fondos propios, práctica moi habitual dado o estado do material tecnolóxico.

Na páxina web do centro está visible para toda a comunidade educativa o Plan de Continxencia vixente para o curso actual.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eeinnumero2fingoi/system/files/ANEXO%20III%20PLAN%20DE%20CONTINXENCIA.pdf>

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### 🕒 Test Selfie:

| Areas | Grupos         | Ensinanzas |     |             |    |               |
|-------|----------------|------------|-----|-------------|----|---------------|
|       |                | Primaria   | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
|       | Equipo Direct. | 3,2        |     |             |    |               |

|  |                |     |  |  |  |
|--|----------------|-----|--|--|--|
| <b>A - Liderado</b>                            | Profesorado    | 3,4 |  |  |  |
|  | Alumnado       |     |  |  |  |
| <b>B- Colaboración e redes</b>                 | Equipo Direct. | 3   |  |  |  |
|  | Profesorado    | 2,5 |  |  |  |
| <b>C- Infraestruturas e Equipos</b>            | Alumnado       |     |  |  |  |
|  | Equipo Direct. | 2,1 |  |  |  |
|  | Profesorado    | 2   |  |  |  |
| <b>D- Desenvolvemento profesional contínuo</b> | Alumnado       |     |  |  |  |
|  | Equipo Direct. | 3,7 |  |  |  |
|  | Profesorado    | 4   |  |  |  |
| <b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>          | Alumnado       |     |  |  |  |
|  | Equipo Direct. | 4   |  |  |  |
|  | Profesorado    | 4,5 |  |  |  |
| <b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>    | Alumnado       |     |  |  |  |
|  | Equipo Direct. | 4   |  |  |  |
|  | Profesorado    | 4,4 |  |  |  |
| <b>G- Prácticas de avaliación</b>              | Alumnado       |     |  |  |  |
|  | Equipo Direct. | 3   |  |  |  |
|  | Profesorado    | 3,1 |  |  |  |
| <b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>    | Alumnado       |     |  |  |  |
|  | Equipo Direct. | 2,5 |  |  |  |
|  | Profesorado    | 2,8 |  |  |  |

### 🕒 Test CDD:

#### Participación segundo perfil do profesorado

|                    | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|--------------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| <b>DEFINITIVO</b>  | 4                             | 5                     | 80%             |
| <b>PROVISIONAL</b> | 1                             | 1                     | 100%            |
| <b>INTERINO</b>    |                               |                       |                 |
| <b>SUBSTITUTO</b>  |                               |                       |                 |
| <b>DESPRAZADO</b>  |                               |                       |                 |

#### Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 118.8                                | Experto/a (B2)       | 76.4  | Integrador (B1)                 |

#### Puntuación e nivel de competencia por etapas

|               | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---------------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| <b>Infant</b> | 118.8                                | Experto/a (B2)       | 68.2  | Integrador (B1)                 |

#### Distribución do profesorado por niveis

|           | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|-----------|---|---|
| <b>A1</b> |   |   |
| <b>A2</b> | 1   | 20%                                       |
| <b>B1</b> | 1   | 20%                                       |



|              |   |     |
|--------------|---|-----|
| <b>B2</b>    |   |     |
| <b>C1</b>    | 2 | 40% |
| <b>C2</b>    | 1 | 20% |
| <b>TOTAL</b> |   |     |

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe Selfie e o Test CDD, o centro elaborou unha análise DAFO que permitiu un coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan dixital en termos de obxectivos e acción a desenvolver.

| INTERNOS          |                                     | FORTALEZAS  | DEBILIDADES  |
|-------------------|-------------------------------------|---|--|
| <b>CATEGORÍAS</b> | <b>INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO</b> | 1.- O centro conta cunha estratexia dixital (A1)<br>2.- Existencia de boa conexión a internet.  | 1.- Insuficientes equipos dixitais para uso do profesorado e alumnado que permitan a implementación na aula e o centro de tecnoloxías dixitais.(C1-C2)<br>2.- Deficiente dotación de medios dixitais para poder arrancar o Plan Dixital de centro. |
|                   | <b>PERSONAL DOCENTE</b>             | 1.- Boa dispoñibilidade do profesorado ante o cambio dixital e apoio do Equipo directivo. (A3)<br>2.- Alta motivación, formación e competencia dixital do profesorado. (E1- E2- E3-E4-E5)<br>3.- Claustro maioritariamente definitivo receptivo á implementación e mellora da súa formación para consolidar un plan dixital viable. | 1.- Inquedanza pola baixada de matrícula do centro e que inflúa na dotación orzamentaria.  |
|                   | <b>PERSONAL NON DOCENTE</b>         |   |  |
|                   | <b>ALUMNADO</b>                     | 1.- Alumnado dunha soa etapa educativa con forte curiosidade e motivacións polas tecnoloxías dixitais.  | 1.- Baixa competencia dixital do alumnado referida a búsqueda, filtrado e uso da información en medios dixitais, condicionada pola súa idade (3-6 anos). (H1-H3-H4, H6, H7, H8, H11 e H13)   |
|                   | <b>FAMILIAS</b>                     | 1.- Alta satisfacción e dominio de aplicacións corporativas de comunicación dixital entre centro e familias.<br>2.- Confianza e colaboración co equipo docente do centro para a implementación de tecnoloxías dixitais no centro.   |  |
|                   | <b>OFERTA</b>                       |   |  |
|                   | <b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>       |   |  |

| EXTERNOS          |                                 | OPORTUNIDADES   | AMEAZAS   |
|-------------------|---------------------------------|---|---|
| <b>CATEGORÍAS</b> | <b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b> | 1.- Boa existencia de oferta en formación dixital.  | 1.- Falta de tempo do profesorado, en horario lectivo, para preparar novas estratexias metodolóxicas de traballo educativo con ferramentas dixitais. (A4)<br>2.- Moi escasa dotación de equipamento tecnolóxico que se adapte á nova realidade dixital do centro. (C1-C2-C15) .<br>3.- Deficiente asistencia técnica pública para solventar problemas relacionados con tecnoloxías dixitais. (C5) |
|                   | <b>LEXISLACIÓN</b>              | 1.- Posibilidade de desenvolver unha estratexia educativa máis cercana á realidade dixital das nenas e nenos.   | 1.- Insuficiente orzamento para adquisición de equipamento tecnolóxico.   |
|                   | <b>CONTORNA</b>                 | 1.- Suficiente oferta e asistencia privada para solventar problemas relacionados con tecnoloxías dixitais. (C5) | 1.- Inexistente colaboración entre centros no apoio e uso das tecnoloxías dixitais. (B4)  |
|                   | <b>ANPA</b>                     | 1.- Bo nivel de participación e colaboración da AMPA no relativo ao eido dixital.                               | 1.- Pouca continuidade no tempo da directiva e membros (tres cursos máximo).  |

|  |                         |  |  |
|--|-------------------------|--|--|
|  | <b>OUTRAS ENTIDADES</b> |  | 1.- Escasa colaboración con entidades ou fundacións Tics no apoio e cesión de recursos e tecnoloxías dixitais. |
|--|-------------------------|--|--|

### **3. Plan de Acción**

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### **3.1. Obxectivos, indicadores e accións**

| <b>Área/s de mellora:</b> Infraestructura e equipos                                      |   |                                    |  |                                 |                    |  |
|--|---|------------------------------------|--|---------------------------------|--------------------|--|
| <b>OBXECTIVO 1: (1)</b>  | C14: Reorganizar os espazos do centro educativo para a implementación de metodoloxías activas con tecnoloxías dixitais.   |                                    |  |                                 | <b>Acadado</b>     |  |
| <b>Responsable:</b>  | Dirección do centro   |                                    |  |                                 | <b>Non acadado</b> |  |
| <b>INDICADOR/ES OBXECTIVO:(2)</b>  | Reorganización dos espazos do centro educativo.   |                                    |  |                                 |                    |  |
| <b>Valor de partida: (3)</b>   | Non existen espazos do centro educativo para aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.  |                                    |  |                                 |                    |  |
| <b>Valor previsto e data: (4)</b>  | Espazo, na zona de biblioteca do centro, para uso común con 1 monitor interactivo, un ordenador, impresora 3D, cromas e radio. Equipamento (1 monitor interactivo en cada unha das tres aulas de infantil do centro). |                                    |  | Remate curso 22/23              |                    |  |
| <b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>   |   |                                    |  |                                 |                    |  |
| <b>DESCRICIÓN (5)</b>  | <b>RESPONSABLES (6)</b>   | <b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>       | <b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>                         | <b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>    |                    |  |
|  |   |                                    |  | <b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b> | <b>ESTADO (10)</b> |  |
| <b>A01.1:</b> Realizar un estudo de reorganización arquitectónica dos espazos do centro. | Dirección do centro.<br>Consellería de Cultura, Educación e Universidade.   | Mes de setembro de 2022            | Zona de biblioteca. Hall de entrada e aulas do centro. |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|  |   |                                    |  |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|  |   |                                    |  |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>A01.2:</b> Dotar aos espazos tecnolóxicos co equipamento básico.                      | Equipo directivo.<br>Consellería de Cultura, Educación e Universidade.<br>UAC. Amtega<br><br>UAC  | 1º e 2º trimestre do curso 2022/23 | Equipo directivo.<br>Tecnoloxía dixital básica.        |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|  |   |                                    |  |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|  |   |                                    |  |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>A01.3:</b> Organizar 2 sesións de formación específica a través dun PFPP              | Dirección e equipo docente.   | 2º trimestre do curso 2022/23      | CFR<br>Monitores interactivos.                         |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|  |   |                                    |  |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|  |   |                                    |  |                                 | <b>Pendente</b>    |  |

|  |                   |                               |                         |  |                  |
|--|-------------------|-------------------------------|-------------------------|--|------------------|
| <b>A01.4:Deseño e elaboración de materiais para as asambleas co monitor interactivo.</b> | Grupo de traballo | 3º trimestre do curso 2022/23 | Monitores interactivos. |  | <b>Realizada</b> |
|--|-------------------|-------------------------------|-------------------------|--|------------------|

**Área/s de mellora:** Infraestrutura e equipos

|                                   |   |                    |  |                    |
|-----------------------------------|---|--------------------|--|--------------------|
| <b>OBXECTIVO 2: (1)</b>           | C.16: Informatizar a biblioteca do centro.  |                    |  | <b>Acadado</b>     |
| <b>Responsable:</b>               | Dirección do centro   |                    |  | <b>Non acadado</b> |
| <b>INDICADOR/ES OBXECTIVO:(2)</b> | Todos os fondos bibliográficos rexistrados no programa Meiga (Bibliotecas Escolares)  |                    |  |                    |
| <b>Valor de partida: (3)</b>      | Inexistencia de catalogación dixital de fondos bibliográficos.                        |                    |  |                    |
| <b>Valor previsto e data: (4)</b> | Existencia de Programa Meiga con rexistro de todos os fondos da biblioteca do centro. | Remate curso 22/23 |  |                    |

**ACCIÓN A DESENVOLVER**

| <b>DESCRICIÓN (5)</b>  | <b>RESPONSABLES (6)</b>  | <b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>      | <b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>  | <b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>    |                    |
|--|--|-----------------------------------|---|---------------------------------|--------------------|
|  |  |                                   |   | <b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b> | <b>ESTADO (10)</b> |
| <b>A02.1:Formación básica no uso do programa Meiga.</b>                | Dirección do centro.<br>Responsable de dinamización de biblioteca. | 1º trimestre do curso 2022/23     | Ordenador con conexión a internet.<br>Asesores bibliotecas escolares. |                                 | <b>Realizada</b>   |
|  |  |                                   |   |                                 | <b>Aprazada</b>    |
|  |  |                                   |   |                                 | <b>Pendente</b>    |
| <b>A02.2:Rexistrar todos os fondos de biblioteca no programa Meiga</b> | Dirección do centro.<br>Responsable de dinamización de biblioteca. | 2º- 3º trimestre do curso 2022/23 | Ordenador con conexión a internet.<br>Docentes implicados.            |                                 | <b>Realizada</b>   |

### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

#### 🕒 **Melloras en infraestruturas tecnolóxicas:**

Instalación de puntos wifi nas tres aulas de infantil e na aula de A.L.

#### 🕒 **Melloras de equipamento:**

Tal e como se recolle no apartado 2.1 do presente documento o centro conta con escasos dispositivos, todos eles bastante antigos e, en moitos casos obsoletos, polo que non cubren as necesidades actuais do equipo docente.

O centro está a experimentar un cambio de metodoloxía, apostando por metodoloxías activas, concretamente a Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP), que permiten ao alumnado ser o protagonista da súa aprendizaxe, toda vez que se fomenta a autonomía e a aprendizaxe competencial e vivencial. De aí que sexa fundamental un equipamento tecnolóxico máis accesible e actual.

#### **Consideramos prioritario dotar de:**

- 🕒 **Monitores interactivos:** as tres aulas, así como a aula multifuncional situada no hall de entrada, que permitirá desenvolver actividades interactivas motivadoras e significativas, á vez que aportan dinamismo e facilitan o traballo en equipo.
- 🕒 **Mínimo 3 portátiles por aula,** os actuais son antigos e sufriron varias reparacións nos últimos anos.
- 🕒 **Unha impresora a cor.** Dependemos dunha copistería externa para levar a cabo este tipo de impresións.
- 🕒 **Un equipo de gravación de radio e de vídeo con croma.**
- 🕒 **Un ordenador para uso do profesorado.** Actualmente non se dispón deste servizo xa que o portátil destinado a este uso tivo que ser incorporado a aula traseira dereita.

### 4. **Avaliación do plan**

Ao longo do curso farase trimestralmente un seguimento do Plan dixital sobre os obxectivos formulados no plan de acción. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

A final de curso realizarase unha avaliación final para coñecer o grao de consecución dos obxectivos, reflectíndose na correspondente memoria. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan dixital polo Consello Escolar darase a coñecer á comunidade educativa a través da páxina web do centro.